

9
der directamente á actividade dunha persoa, empresa ou organización, tales como o nome de dominio ou o enderezo de correo electrónico, nin as comunicacións relativas ós bens, os servizos ou a imaxe que se ofrezca cando sexan elaboradas por un terceiro e sen contra-prestación económica.

g) «Profesión regulada»: toda actividade profesional que requira para o seu exercicio a obtención dun título, en virtude de disposicións legais ou regulamentarias.

h) «Contrato celebrado por vía electrónica» ou «contrato electrónico»: todo contrato no que a oferta e a aceptación se transmiten por medio de equipos electrónicos de tratamento e almacenamento de datos, conectados a unha rede de telecomunicacións.

i) «Ámbito normativo coordinado»: tódolos requisitos aplicables ós prestadores de servizos da sociedade da información, xa veñan esixidos pola presente lei ou outras normas que regulen o exercicio de actividades económicas por vía electrónica, ou polas leis xerais que lles sexan de aplicación, e que se refiran ós seguintes aspectos:

1.º Comezo da actividade, como as titulacións profesionais ou cualificacións requiridas, a publicidade rexistral, as autorizacións administrativas ou colexiais precisas, os réximes de notificación a calquera órgano ou organismo público ou privado, e

2.º Posterior exercicio da dita actividade, como os requisitos referentes á actuación do prestador de servizos, á calidade, seguridade e contido do servizo, ós que afectan a publicidade e a contratación por vía electrónica e a responsabilidade do prestador de servizos.

Non quedan incluídos neste ámbito as condicións relativas ás mercadorías e bens tanxibles, á súa entrega nin ós servizos non prestados por medios electrónicos.

j) «Órgano competente»: todo órgano xurisdiccional ou administrativo, xa sexa da Administración xeral do Estado, das administracións autonómicas, das entidades locais ou dos seus respectivos organismos ou entes públicos dependentes, que actúe no exercicio de competencias legalmente atribuídas.

13972 *LEI 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.* («BOE» 167, do 13-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Acordo para a Mellora e o Desenvolvemento do Sistema de Protección Social, subscrito o 9 de abril de 2001 polo Goberno, a Confederación de Comisiones Obreras, a Confederación Española de Organizaciones Empresariales e a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa, incluíuse un conxunto de medidas en relación coa flexibilidade da idade de xubilación, co fin de dotala dos caracteres de gradualidade e progresividade.

Con esa finalidade, considerouse conveniente proceder á modificación da regulación da pensión de xubilación, no sentido de que esta non impidise unha pre-

sencia social activa dos cidadáns, tendo en conta, pola súa vez, que esta permanencia repercute na propia autoestima do traballador, ten efectos positivos sobre o sistema de pensións e, de modo máis xeral, presenta indubidables vantaxes para o conxunto da sociedade, que, deste xeito, pode aproveitar a experiencia e os coñecementos dos traballadores de máis idade.

Consecuentemente, co obxectivo de lograr unha maior permanencia na actividade, o Goberno quedou comprometido polo citado Acordo a introduci-las modificacións legais necesarias que posibilitasen a adopción das seguintes medidas.

En primeiro termo, a reforma da regulación da xubilación parcial, de maneira que se posibilite a compatibilidade entre percibir unha pensión de xubilación e desenvolver actividades laborais desde o momento no que se comece a percibir unha pensión desa natureza a cargo do sistema da Seguridade Social.

En segundo lugar, a exoneración do pagamento de cotizacións sociais por continxencias comúns, salvo no que se refire á incapacidade temporal, correspondentes ós traballadores de sesenta e cinco ou máis anos, que acrediten trinta e cinco anos efectivos de cotización e que decidan voluntariamente continuar ou reinicia-la súa actividade laboral.

Como derivación de ámbalas medidas, acordouse tamén a necesidade de introducir outras modificacións que consideren a posibilidade de acceder ás pensións de incapacidade permanente, aínda que o traballador teña sesenta e cinco ou máis anos e reúna as condicións de acceso á pensión de xubilación, cando a causa orixinal da incapacidade derive dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional; a non extinción do subsidio por desemprego para maiores de cincuenta e dous anos polo mero feito de que o beneficiario atinxa a idade á que poida ter dereito a unha pensión de xubilación na súa modalidade contributiva; e o establecemento, para efectos de cálculo da contía das prestacións, de determinados límites ó eventual crecemento da base de cotización a partir do cumprimento dos sesenta e cinco anos de idade.

E, en terceiro e último lugar, a introducción de previsións que posibiliten que a porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de xubilación poida supera-lo 100 por 100 respecto daqueles traballadores que permanezan en activo alén dos sesenta e cinco anos de idade e acrediten un mínimo de trinta e cinco anos de cotización.

Xunto ó obxectivo sinalado de propiciar unha permanencia na actividade do traballador, tamén se contén no citado Acordo o propósito de reformula-las condicións de acceso á xubilación anticipada, de maneira que, por un lado, se manteña na súa regulación actual o acceso, por aplicación de dereito transitorio, á xubilación a partir dos sesenta anos e, por outro, poidan acceder á xubilación anticipada, a partir dos sesenta e un anos, os traballadores afiliados á Seguridade Social con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1967, sempre que reúnan determinados requisitos, tales como un período mínimo de cotización de trinta anos, involuntariedade no cesamento, inscrición como desempregado por un prazo de, cando menos, seis meses e inclusión no campo de aplicación de determinados réximes do sistema da Seguridade Social. Nun e outro dos dous supostos enunciados débese proceder á equiparación dos coeficientes reductores aplicables por razón do anticipo da idade de xubilación.

Así mesmo, no suposto de extinción de contratos de traballo derivados dun expediente de regulación de emprego, promovido por empresas que non se encontraran nun procedemento concursal, acordouse que aquel deberá levar consigo a obriga de aboa-las

cotas destinadas a financiar un convenio especial coa Tesourería Xeral e ata a idade de sesenta e cinco anos, e o custo das cales deberá ser soportado por empresarios e traballadores.

Finalmente, como unha manifestación máis do fomento do emprego e para incentivar que non se acceda á xubilación en idades anticipadas, foi asumido tamén no propio Acordo o establecemento dun novo réxime de bonificacións ou reducións graduais, que poden chegar a atinxir ata o 100 por 100 da contribución empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

Artigo 1. *Xubilación flexible.*

Engádesse un parágrafo segundo no número 1 do artigo 165 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Non obstante o anterior, as persoas que accedan á xubilación poderán compatibilizala percepción da pensión cun traballo a tempo parcial nos termos que regulamentariamente se establezan. Durante esa situación, minorarase a percepción da pensión en proporción inversa á redución aplicable á xornada de traballo do pensionista en relación á dun traballador a tempo completo comparable.»

Artigo 2. *Xubilación parcial.*

Introdúcese un novo número 4 no artigo 166 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«4. O réxime xurídico da xubilación parcial a que se refiren os números anteriores será o que regulamentariamente se estableza.»

Artigo 3. *Xubilación anticipada.*

1. Engádesse un novo número 3 no artigo 161 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos que se indican, pasando os actuais números 3, 4 e 5 a constituíren os números 4, 5 e 6.

«3. Poderán acceder á xubilación anticipada os traballadores que reúnan os seguintes requisitos:

a) Teren cumpridos os sesenta e un anos de idade, sen que para estes efectos resulten de aplicación os coeficientes reductores a que se refire o número anterior.

b) Encontrárense inscritos nas oficinas de emprego como demandantes de emprego durante un prazo de, ó menos, seis meses inmediatamente anteriores á data de solicitude da xubilación.

c) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de trinta anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias.

d) Que o cesamento no traballo, como consecuencia da extinción do contrato de traballo, non se producise por causa imputable á libre vontade do traballador. Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continua-la súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decide pórllle fin.

Os requisitos esixidos nas alíneas b) e d) non serán esixibles naqueles supostos nos que o empresario, en virtude de obriga adquirida mediante acor-

do colectivo, aboase ó traballador despois da extinción do contrato de traballo, e durante ó menos os dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de xubilación anticipada, unha cantidade que, en cómputo anual, represente un importe mensual non inferior ó resultado de suma-la cantidade que lle correspondería en concepto de prestación por desemprego e a cota que tivese aboado ou, se é o caso, a cota de maior contía que tivese podido aboar en concepto de convenio especial coa Seguridade Social.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este número, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ó traballador para cumprilos sesenta e cinco anos, dos seguintes coeficientes:

1.º Con trinta anos completos de cotización acreditados: 8 por 100.

2.º Entre trinta e un e trinta e catro anos completos de cotización acreditados: 7,5 por 100.

3.º Entre trinta e cinco e trinta e sete anos completos de cotización acreditados: 7 por 100.

4.º Entre trinta e oito e trinta e nove anos completos de cotización acreditados: 6,5 por 100.

5.º Con corenta ou máis anos completos de cotización acreditados: 6 por 100.»

2. A referencia que no actual número 6 do artigo 161 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, se efectúa ó número 4 dese mesmo artigo, débese entender referida ó número 5.

De igual modo, a referencia que no número 1 da disposición adicional oitava do mesmo texto refundido se efectúa ós números 4 e 5 do artigo 161, débese entender referida ós números 5 e 6 do citado artigo.

Artigo 4. *Reducción dos coeficientes reductores en supostos de xubilación anticipada.*

1. Modifícase o parágrafo segundo da norma segunda do número 1 da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«Nos supostos de traballadores que, cumprindo os requisitos sinalados no número anterior e acreditando máis de trinta anos de cotización, soliciten a xubilación anticipada derivada do cesamento no traballo como consecuencia da extinción do contrato de traballo, en virtude de causa non imputable á libre vontade do traballador, a porcentaxe de redución da contía da pensión a que se refire o parágrafo anterior será, en función dos anos completos de cotización acreditados, a seguinte:

1.º Entre trinta e un e trinta e catro anos acreditados de cotización: 7,5 por 100.

2.º Entre trinta e cinco e trinta e sete anos acreditados de cotización: 7 por 100.

3.º Entre trinta e oito e trinta e nove anos acreditados de cotización: 6,5 por 100.

4.º Con corenta e máis anos acreditados de cotización: 6 por 100.

Para estes efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continua-la súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decida pórllle fin.»

2. Nos supostos de acceso á xubilación anticipada no réxime especial de traballadores do mar, nos termos previstos na disposición transitoria terceira do Regulamento xeral dese réxime especial, aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 de xullo, cando se acrediten trinta e oito ou máis anos de cotización, serán de aplicación os coeficientes reductores da pensión de xubilación contidos na norma segunda do número 1 da disposición transitoria terceira da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola presente lei, sempre que soliciten a xubilación anticipada, derivada do cesamento no traballo como consecuencia da extinción do contrato de traballo, en virtude de causa non imputable á libre vontade do traballador.

Artigo 5. *Subsidio por desemprego para traballadores maiores de cincuenta e dous anos.*

Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 216 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«3. No suposto previsto no número 1.3 do artigo anterior, o subsidio estenderase, como máximo, ata que o traballador atinxa a idade ordinaria que se esixa en cada caso para causar dereito á pensión contributiva de xubilación.»

Artigo 6. *Obrigatoriedade de financiar convenio especial en determinados expedientes de regulación de emprego.*

Engádese un novo número 15 ó artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, coa seguinte redacción:

«15. Cando se trate de expedientes de regulación de emprego de empresas non incursas en procedemento concursal, que inclúan traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos de idade que non tivesen a condición de mutualistas o 1 de xaneiro de 1967, existirá a obriga de aboalas cotas destinadas ó financiamento dun convenio especial respecto dos traballadores anteriormente sinalados nos termos previstos na Lei xeral da Seguridade Social.»

Artigo 7. *Réxime xurídico do convenio especial que se subscribirá en determinados expedientes de regulación de emprego.*

Engádese unha nova disposición adicional, a trixésimo primeira, ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte texto:

«Disposición adicional trixésimo primeira. *Réxime xurídico do convenio especial que se subscribirá en determinados expedientes de regulación de emprego.*

1. No convenio especial a que se refire o número 15 do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as cotizacións abranguerán o período comprendido entre a data en que se produza o cesamento no traballo ou, se é o caso, en que cese a obriga de cotizar por extinción da prestación por desemprego contributivo, e a data na que o traballador cumpra os sesenta e cinco

anos, nos termos establecidos nos números seguintes.

2. Para tal efecto, as cotas determinaranse aplicando á media das bases de cotización do traballador nos últimos seis meses de ocupación cotizada o tipo de cotización previsto na normativa reguladora do convenio especial. Da cantidade resultante deducirase a cotización, a cargo do Instituto Nacional de Emprego, correspondente ó período no que o traballador poida ter dereito á percepción do subsidio de desemprego, calculando a mesma en función da base e tipo aplicable na data de subscripción do convenio especial.

Ata a data de cumprimento por parte do traballador da idade de sesenta e un anos, as cotizacións serán a cargo do empresario e ingresarán na Tesourería Xeral da Seguridade Social, ben dunha soa vez, dentro do mes seguinte ó da notificación por parte do citado servizo común da cantidade a ingresar, ben de maneira fraccionada garantindo o importe pendente mediante aval solidario ou a través da substitución do empresario no cumprimento da obriga por parte dunha entidade financeira ou aseguradora, precedendo consentimento da Tesourería Xeral da Seguridade Social, nos termos que estableza o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

A partir do cumprimento por parte do traballador da idade de sesenta e un anos, as contribucións ó convenio especial serán obrigatorias e a cargo exclusivo daquel, e deberán ser ingresadas, nos termos previstos na normativa reguladora do convenio especial, ata o cumprimento da idade de sesenta e cinco anos ou ata a data en que, se é o caso, acceda á pensión de xubilación anticipada.

3. Nos supostos de falecemento do traballador, de recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente ou de realización de actividades en virtude das cales se efectúen cotizacións ó sistema de Seguridade Social, reintegraráselle ó empresario, logo da regularización anual e nos termos que regulamentariamente se establezan, as cotas que, se é o caso, se ingresasen polo convenio especial correspondentes ó período posterior á data en que tivese lugar o falecemento ou o recoñecemento da pensión, así como as coincidentes pola realización das actividades antes citadas ata a contía das cotas correspondentes a estas últimas.

4. No non previsto nas normas precedentes, este convenio especial rexerá polo disposto nas normas regulamentarias sobre o convenio especial no sistema da Seguridade Social.»

Artigo 8. *Posibilidade de acceso á pensión de incapacidade permanente derivada de continxencias profesionais cumpridos sesenta e cinco anos de idade.*

Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 138 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«Non se recoñecerá o dereito ás prestacións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns cando o beneficiario, na data do feito causante, teña a idade prevista no número 1.a) do artigo 161 desta lei e reúna os requisitos para acceder á pensión de xubilación no sistema da Seguridade Social.»

Artigo 9. *Contía da pensión de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns respecto de quen non reúna os requisitos para acceder á pensión de xubilación.*

Inclúese un novo número 5 no artigo 139 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos que se indican, pasando o actual número 5 a constituí-lo número 6.

«5. Nos casos en que o traballador, con sesenta e cinco ou máis anos, acceda á pensión de incapacidade permanente, derivada de continxencias comúns, por non serlle de aplicación o establecido no parágrafo segundo, número 1, do artigo 138, a contía da pensión de incapacidade permanente será equivalente ó resultado de aplicar á correspondente base reguladora a porcentaxe que corresponda ó período mínimo de cotización que estea establecido en cada momento para o acceso á pensión de xubilación.»

Artigo 10. *Contía da pensión de xubilación para traballadores de sesenta e cinco ou máis anos.*

Modifícase o artigo 163 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Artigo 163. *Contía da pensión.*

1. A contía da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, determinarase aplicando á base reguladora, calculada conforme o disposto no artigo precedente, as porcentaxes seguintes:

1.º Polos primeiros quince anos cotizados: o 50 por 100.

2.º Por cada ano adicional de cotización, comprendido entre o décimo sexto e o vixésimo quinto, ambos incluídos: o 3 por 100.

3.º Por cada ano adicional de cotización, a partir do vixésimo sexto: o 2 por 100, sen que a porcentaxe aplicable á base reguladora supere o 100 por 100, salvo no suposto a que se refire o número seguinte.

2. Cando se acceda á pensión de xubilación a unha idade superior ós sesenta e cinco anos, a porcentaxe aplicable á respectiva base reguladora será o resultante de sumar ó 100 por 100 un 2 por 100 adicional por cada ano completo que, na data do feito causante da pensión, se teña cotizado desde o cumprimento dos sesenta e cinco anos, sempre que nese momento o interesado teña acreditados trinta e cinco anos de cotización. No suposto de que o interesado non teña acreditados trinta e cinco anos de cotización, a porcentaxe adicional indicada aplicarase, cumpridos os sesenta e cinco anos, desde a data en que se acredítase tal período de cotización.»

Artigo 11. *Exoneración de cotas de Seguridade Social respecto dos traballadores por conta allea con sesenta e cinco ou máis anos.*

1. Engádese un novo artigo 112 bis no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo

Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Artigo 112 bis. *Cotización con sesenta e cinco ou máis anos.*

1. Os empresarios e traballadores quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada destas, respecto daqueles traballadores por conta allea con contratos de traballo de carácter indefinido, nos que concorran as circunstancias de teren cumpridos sesenta e cinco ou máis anos de idade e acreditaren trinta e cinco ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, sen que se computen para estes efectos as partes proporcionais de pagas extraordinarias.

2. Se ó cumprir sesenta e cinco anos de idade o traballador non tiver cotizados trinta e cinco anos, a exención a que se refire o número anterior será aplicable a partir da data en que se acrediten os trinta e cinco anos de cotización efectiva.

3. As exencións establecidas neste artigo non serán aplicables ás cotizacións relativas a traballadores que presten os seus servicios nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

2. Modifícase o título e engádese un número 3 á disposición adicional vixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Cotización e recadación das contribucións ó Fondo de Garantía Salarial e para formación profesional. Exención nas contribucións de recadación conxunta coas cotas de Seguridade Social.*

3. A exoneración da cotización prevista no artigo 112 bis desta lei comprenderá tamén as contribucións por desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.»

Artigo 12. *Cálculo da base reguladora en supostos de exoneración de cotas de Seguridade Social para os traballadores con sesenta e cinco ou máis anos.*

Engádese un novo número 6 no artigo 162 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«6. Polos períodos de actividade nos que non se efectuasen cotizacións por continxencias comúns, nos termos previstos no artigo 112 bis, para efectos de determina-la base reguladora das prestacións excluídas de cotización, as bases de cotización correspondentes ás mensualidades de cada exercicio económico exentas de cotización non poderán ser superiores ó resultado de incrementa-la media das bases de cotización do ano natural inmediatamente anterior na porcentaxe de variación media coñecida do IPC no último ano indicado máis dous puntos porcentuais.»

Artigo 13. *Exoneración de cotas de Seguridade Social respecto dos traballadores por conta propia con sesenta e cinco ou máis anos.*

Engádese unha nova disposición adicional, a trixésimo segunda, ó texto refundido da Lei xeral da Segu-

s
ridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte texto:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Exoneración de cotas respecto dos traballadores por conta propia con sesenta e cinco ou máis anos.*

1. Os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social salvo, se é o caso, por incapacidade temporal, no suposto de teren cumpridos sesenta e cinco ou máis anos de idade e acreditaren trinta e cinco ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, sen que se computen para estes efectos as partes proporcionais de pagas extraordinarias. Se ó cumprir sesenta e cinco anos de idade o traballador non reunise o requisito esixido, a citada exención será aplicable a partir da data en que se acredite tal requisito.

2. Polos períodos de actividade nos que o traballador non efectuase cotizacións, nos termos previstos no número anterior, para efectos de determinar a base reguladora das prestacións excluídas de cotización, as bases de cotización correspondentes ás mensualidades de cada exercicio económico exentas de cotización serán equivalentes ó resultado de incrementala media das bases de cotización do ano natural inmediatamente anterior na porcentaxe de variación media coñecida do IPC no último ano indicado, sen que as bases así calculadas poidan ser inferiores á contía da base mínima de cotización fixada anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para o réxime especial de traballadores por conta propia.»

Artigo 14. *Bonificación de cotas de Seguridade Social para os traballadores con sesenta ou máis anos.*

Os artigos da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, que se relacionan a seguir quedan redactados nos termos seguintes:

1. Engádese un novo número 3 ó artigo cuarto do seguinte teor literal:

«3. Así mesmo, os contratos de traballo de carácter indefinido, subscritos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos darán dereito a bonificación nos termos previstos neste capítulo.»

2. Engádese un novo número 7 ó artigo sexto do seguinte teor literal:

«7. Os contratos de traballo de carácter indefinido, subscritos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, darán dereito a unha bonificación do 50 por 100 da contribución empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada delas, sobre as cotas devengadas a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, incrementándose esa bonificación nun 10 por 100 en cada exercicio ata atinxir un máximo do 100 por 100.

Se ó cumprir sesenta anos de idade o traballador non tiver unha antigüidade na empresa de cinco anos, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior será aplicable a partir da data en que atinxa a citada antigüidade.»

3. Engádese un novo parágrafo ó artigo sétimo do seguinte teor literal:

«Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, as bonificacións nas cotizacións previstas para os contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, serán compatibles coas bonificacións establecidas con carácter xeral nos programas de fomento do emprego e serán a cargo do Instituto Nacional de Emprego, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida supera-lo 100 por 100 sen prexuízo, se é o caso, do disposto no artigo 112 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.»

4. Engádese un novo número 3 ó artigo oitavo do seguinte teor literal:

«3. As bonificacións dos contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, non serán aplicables ás contribucións empresariais relativas a traballadores que presten os seus servizos nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Disposición adicional primeira. *Xubilación de traballadores minusválidos.*

Engádese un segundo parágrafo ó número 2 do artigo 161 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«De igual modo, a idade mínima a que se refire a alínea a) do número anterior poderá ser reducida no caso de persoas minusválidas nun grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100 nos termos contidos no correspondente real decreto acordado por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.»

Disposición adicional segunda. *Cualificación da incapacidade permanente no caso de traballadores discapacitados.*

Engádese un parágrafo segundo no número 1 do artigo 136 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, pasando os actuais parágrafos segundo e terceiro a constituiren os parágrafos terceiro e cuarto, nos seguintes termos:

«As reducións anatómicas ou funcionais existentes na data da afiliación do interesado na Seguridade Social non impedirán a cualificación da situación de incapacidade permanente, cando se trate de persoas minusválidas e con posterioridade á afiliación tales reducións se agravasen, provocando por si mesmas ou por concorrencia con novas lesións ou patoloxías unha diminución ou anulación da capacidade laboral que tiña o interesado no momento da súa afiliación.»

Disposición transitoria única. *Expedientes de regulación de emprego iniciados antes do 1 de xaneiro de 2002.*

O previsto no artigo 6 desta lei soamente será de aplicación en relación cos expedientes de regulación de

emprego o procedemento dos cales se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei e, expresamente, as seguintes:

a) O número tres da disposición adicional cuarta da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, engadido polo artigo 14 do Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

b) O actual número 4 da disposición adicional oitava da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

c) O Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación a réximes especiais.*

1. Inclúese un novo número 3 na disposición adicional oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«3. O previsto no número 3 do artigo 161 será de aplicación ós traballadores por conta allea incluídos nos réximes especiais da minería do carbón e de traballadores do mar.»

2. O actual número 3 da disposición adicional oitava da Lei xeral da Seguridade Social pasa a constituí-lo número 4 coa seguinte redacción:

«4. O previsto nos artigos 134, 135 e 166 será aplicable, se é o caso, ós traballadores por conta allea dos réximes especiais. O previsto nos artigos 112 bis e 162.6 será igualmente aplicable ós traballadores por conta allea dos réximes especiais con excepción dos incluídos nos réximes especiais agrario e de empregados domésticos. Así mesmo, o disposto nos artigos 134, 135 e 166 resultará de aplicación ós traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais de traballadores do mar, agrario e de traballadores autónomos, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.»

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

13975 REAL DECRETO 594/2002, do 28 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, en materia de exencións, rendementos do traballo e do capital mobiliario, deducións, autoliquidación e retencións. («BOE» 167, do 13-7-2002.)

A Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, foi obxecto de modificacións pola Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, polo Real decreto lei 12/2001, do 29 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes en materia de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades, pola Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Estas modificacións na Lei 40/1998 obrigan a adaptalo Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, para este efecto promúlgase este real decreto, que, ademais, contén medidas adicionais propias do desenvolvemento regulamentario.

Como consecuencia da Lei 6/2000, adáptase o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas na parte relativa ás reducións aplicables a determinados rendementos do traballo e ós rendementos do capital mobiliario derivados de contratos de seguro percibidos en forma de capital.

O Real decreto lei 12/2001 introduciu modificacións urxentes na Lei 40/1998, como consecuencia das sentencias do Tribunal Supremo do 22 e 23 de marzo de 2001, establecendo no 35 por 100 a porcentaxe de retención aplicable ás retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos. Este tipo de retención incorpórase ó texto regulamentario.

As modificacións na Lei 40/1998 introducidas pola Lei 21/2001 afectan ó Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas no referente á dedución por investimento en vivenda habitual, ó modifica-las porcentaxes de dedución previstas no artigo 55.1 da Lei do imposto e crea-lo tramo autonómico ou complementario da dedución por investimento en vivenda habitual. Pola súa vez, reordenáanse os parágrafos dos epígrafes 1.º e 2.º do artigo 53, como consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo do 11 de marzo de 2000.

O novo sistema de financiamento autonómico afecta, igualmente, ó Regulamento do imposto na forma de reintegra-las cantidades indebidamente deducidas en caso de perda do dereito a deducir.

Pola súa parte, os cambios que introduciu a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na Lei 40/1998, teñen como consecuencia as modificacións do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas a autoliquidación e ingreso da débeda tributaria e retencións sobre os rendementos do traballo.